

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

INTERVENTORA INTERINA:

D^a Laura Garcia Santiago

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día vinte de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora interina, D^a Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 13 DE XANEIRO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 13 de xaneiro de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 13 de xaneiro de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaría xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 8 de xaneiro, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de

prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOP número 11, de 13-01-2026.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 3 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas ao financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT130A). DOG número 9, de 15-01-2026.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 5 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas a centros museísticos da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT110F). DOG número 9, de 15-01-2026.

- Instituto Galego da Vivenda e Solo, Resolución de 22 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas públicas de titularidade municipal e se procede a súa convocatoria, para o ano 2026, con carácter plurianual, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento VI422F). DOG número 9, de 15-01-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 9 de xaneiro de 2026 ao 15 de xaneiro de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 7/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 20/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
7/2026	09-01-2026	Comparecer no procedemento monitorio 707/2025 perante o Xulgado do Mercantil número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña
8/2026	09-01-2026	Vistas as bases reguladoras do "Programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia durante o ano 2026", da Deputación provincial da Coruña, publicadas no BOP número 196, do 14 de outubro de 2025. Solicitar, ao abeiro da convocatoria citada, a seguinte subvención: Obxecto: servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre
9/2026	09-01-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de xaneiro de 2026
10/2026	09-01-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Educación, Cultura, Movemento Asociativo, Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude o día 12 de xaneiro de 2026
11/2026	12-01-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de

		Voceiros para o luns 12 de xaneiro de 2026, ás 11:30 horas
12/2026	12-01-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
13/2026	12-01-2026	Comprometerse este concello a facer a comprobación de que o persoal que, no seu caso, se incorpore ás actividades subvencionadas non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil
14/2026	12-01-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 15 de xaneiro de 2026, ás 11.00 horas
15/2026	12-01-2026	Asignar temporalmente ao conserxe-notificador JGG e á conserxe do centro municipal de formación da ADL MªdelMCB as funcións e tarefas propias do posto de traballo de conserxe de colexios públicos cando sexan requiridos para iso, dadas as necesidades de persoal existente en tales centros educativos, de conformidade cos artigos 73-2 do Texto refundido da lei do Estatuto básico do empregado público e 37-2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
16/2026	13-01-2026	Conceder a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do cuarto trimestre de 2025, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da póliza de aboamento e estar empadroado na vivenda obxecto de bonificación Denegar bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, por non quedar acreditada a súa falta de capacidade económica segundo informe emitido polos técnicos de Servizos Sociais
17/2026	13-01-2026	Conceder, a partir da facturación correspondente ao cuarto trimestre de 2025, a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal num. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, no domicilio de subministración, por cumprir os requisitos establecidos, e aplicarlles a tarifa 1.B do Epígrafe 1.Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15. Aplicar dende o cuarto trimestre de 2025 de conformidade co disposto nos apartados B e C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, tendo en conta os datos comunicados por Augas de Galicia referidos ás bonificacións concedidas sobre o canon, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da referida ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, dado que cumpren cos requisitos

		esixidos no artigo 4. Dar de baixa dende o cuarto trimestre de 2025, de conformidade co disposto nos apartados B e C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da referida ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, dado que non cumpren cos requisitos esixidos no artigo 4, tendo en conta as comunicacións de baixa remitidas por Augas de Galicia das bonificacións concedidas sobre o canon:
18/2026	13-01-2026	Comparecer no procedemento ordinario número 303/2025, demanda interposta pola abogada Sara López Paz, en nome e representación da Comunidade de Propietarios de Garaxes rúa Constitución 9/11/13 de Cambre, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación á letrada don Secundino Javier García Uzal do Ilustre Colegio de Abogados da Coruña
19/2026	15-01-2026	Prorrogar ao ano 2026 o orzamento municipal de 2025, co detalle sinalado no informe da Intervención municipal de data 14.01.2026 cun estado de gastos de 18.611.251,58 € euros e de ingresos de 20.747.756,51 € euros
20/2026	15-01-2026	Avocar a delegación xenérica da área de da área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo efectuada a prol da segunda tenente de alcaldesa, dona Patricia Esther Espiñeira Galán ata o día da súa reincorporación

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo